

EN LEMBRANZA DE MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LÓPEZ

Onte, 13 de febreiro do 2015, cumpriuse o 25º aniversario do pasamento do amigo Manolo, do que quero facer unha lembranza, especialmente dos anos que coincidimos en Barcelona. Naqueles anos, 1974-1979, traballaba eu no Banco Pastor, na Oficina situada na Diagonal, case fronte á Rambla de Cataluña. Moitos galegos residentes na cidade fixéronse clientes de “o noso Banco”, como lle chamabamos os empregados a nosa empresa, hoxe en mans alleas. Un destes clientes foi Manolo e a súa dona, Irene. Moi pronto collemos relación, que despois se transformou nunha amizade sincera das dúas familias, a del e a miña.

Cando un está fóra da terra, séntese máis galego. Será pola morriña que nos invade? Será porque dende fóra dámoslle o aprecio que merece a Terra Nai? O certo é que por aí pasaron moitos galegos e galegas, a notábase en eles que aquela oficina bancaria era algo máis ca un banco. ¡Era un cacho de Galicia! Alí tamén coñecín a Paco Tamara, que fora batería da Orquestra Tamara. Cando entraba pola porta, facíao dicindo en voz alta: ¡País, país...! Nunha das cartas manuscritas de Manolo, que están publicadas na páxina Web (www.manuelrodriguezlopez.org/es), que recolle toda a súa obra, fáleme del. Era un personaxe singular, amigo dos amigos. Pero tamén coñecín a Pucho Boedo, Blanco Campaña... Conto isto polo sentimento que nos invade aos galegos cando estamos lonxe da terra e alegría de escoitar a nosa fala.

Pero naquela época houbo unha crise, orixinada no ano 1973 coa chamada “Guerra do Petróleo”, que foi o parón para a economía de moitos países, entre eles, España, que estaba en pleno desenvolvemento económico. Iso orixinou peches de empresas, despidos colectivos, mingua do poder adquisitivo, etc. E iso afectou ao amigo Manolo, que perdeu o seu emprego, que xa non puido recuperar, pero que estimulou a súa creación literaria e periodística. A súa dedicación ao Centro Galego de Barcelona e outros da provincia, asociacións culturais, colaboracións en xornais, etc., foi plena. Eu asistín con el a presentacións de libros e a actos sociais. Pero cando volveu a Galicia, tampouco tivo moita axuda para reorientar a súa vida laboral. Grazas á súa muller, Irene, da que sempre tivo o apoio, e aos seus fillos, Enrique e Santiago, o home puido seguir desenvolvendo a súa verdadeira vocación: a de escritor, a do “poeta obreiro”. Tamén e certo que estivo rodeado ou estimado por grandes amigos, entre eles, Xulio Xiz, que coidou da difusión da súa obra --coa decisiva recolleita de documentación e clasificación feita polo seu fillo Santiago-- e da creación da páxina Web. Deste home xa lle tiña oído falar a Manolo na época barcelonesa, pero non o coñecín ata anos despois, ao igual que ó actual Alcalde de Paradela. Dous grandes amigos, entre outros, de Manolo.

Cando ó comezo deste escrito falo do “pasamento do amigo”, é intencionadamente, pois nós, os galegos, e así como intelixentemente lle chamamos á “morte”, o paso ao remate da vida corporal a outro estadio que non se sabe ben como é, onde está. Pero o certo é que cremos noutra vida, da que era crente o amigo Manolo. ¿Quen sabe se iso que pesa 21 gramos, como sostén o grande director de cine mexicano, González Iñárritu, non leva consigo algunha nanomateria distintiva e algún día, co avance das novas tecnoloxías, poidan ser localizables as almas nalgún lugar do inmenso Universo?

Eu non son quen para xulgar a súa obra literaria. Iso déixoo para os especialistas literarios. Pero si quero falar dun dos seus traballos como tradutor, falo da súa tradución da obra de Frei Xacinto Verdaguer, “A Atlántida” ao galego, publicada despois de morrer, con prólogo do que era Conselleiro de Cultura (1994), Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, gran parlamentario. Agora que andamos en loitas sobre a nosa fala, se temos máis o menos falantes ca en outras épocas, eu propoñeríalle aos profesores de galego, da Ensinanza Primaria e do Bacharelato, que lle recomendaran ou obrigaran aos seus alumnos a ler esta obra traducida, nun galego precioso, grazas ao coñecemento que tiña Manolo da lingua catalana e da nosa fala, e o cariño que puxo na súa tradución. E xa que falo disto, fago miña aquí a proposta que no seu día fixo “GALICIA DIXITAL” á RAG, para que o “**Días das Letras Galegas**” deste ou doutro ano, sexa dedicado a Manuel Rodríguez López, o “poeta obreiro”, que ben merecido o ten. Iso será factible se os nosos académicos se deixan de discriminar segundo a ideoloxía ou simpatías políticas dos seleccionados. A RAG non está para iso, senón para valorar méritos das persoas que destacan e destacaron no noso país, Galiza. Manolo Oreste Rodríguez López foi un deles. ¡É un dos nosos!

Santiago, 14 de febreiro do 2015.



José Gómez Blanco.